



CONCELLO DE
VIANA DO BOLO



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE EMPREGO
E IGUALDADE



UNIÃO EUROPEA

25N: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres, o Concello de Viana do Bolo, a través do seu Centro de Información ás Mulleres (CIM), ten previsto levar a cabo unha serie de actividades de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero dirixidas a toda a poboación vianesa.

Os actos e actividades programados para conmemorar esta sinalada data sons os seguintes:

- **“O Camiño das desigualdades”**: Unha exposición exterior de carteis que recolle datos e cifras oficiais en torno á violencia contra as mulleres a nivel nacional e internacional.

Os carteis serán expostos ao longo do Xardíns do Sarito, unha zona de paseo moi concurrida, a partir do luns 20 de novembro.

- **“Obradoiros de prevención da violencia”**: Durante a mañá e a tarde do 22 de novembro realizaranse unha serie de obradoiros de sensibilización e prevención da violencia machista co grupo de estimulación cognitiva da Cruz Vermella e o grupo de traballo das mulleres de Mourisca.

- **“Concentración e Lectura dun Manifesto Institucional polo 25N”**: Durante a mañá do 24 de novembro terá lugar unha concentración na Praza Maior e a lectura dun manifesto contra a violencia machista. Ademais, o CIM instalará unha mesa informativa para concienciar á veciñanza contra a violencia machista.

- **Muralismo e pinturas naturais para a igualdade**: O sábado 25 de novembro pola mañá temos programado un divertido obradoiro para a cativada, onde a igualdade e a creatividade dos/as participantes serán as protagonistas. Elaboraremos un orixinal mural colectivo a prol da igualdade que servirá para decorar un dos espazos municipais.

A actividade requerirá inscrición previa no CIM.

- **Obradoiro “O Benquerer”**: O martes 28 de novembro pola tarde terá lugar un novo obradoiro creativo dirixido á cativada no que abordaremos importantes cuestións coma “ que é o bo trato e o maltrato?” “Tratámonos e tratamos aos/ás demais bem??” “Como nos gusta que nos traten??... Remataremos a actividade cunha manualidade moi creativa e colorida que os/as participantes poderán levar a casa.

A actividade requerirá inscrición previa no CIM.

- **Charla “STOP Violencia sexual”**: Remataremos coa programación do 25N cunha charla de sensibilización sobre un tipo de violencia que, por desgraza, está en auge entre a mocidade: a violencia sexual.

A actividade, promovida pola Secretaría Xeral da Igualdade, terá lugar durante a mañá do 29 de novembro no centro escolar e estará dirixida ao alumnado de 3ª e 4ª da ESO.

Un ano máis, o obxectivo desta programación é concienciar e sensibilizar a sociedade vianesa sobre unha lacra que cada ano provoca gran dor e sufrimento a moitas mulleres e as súas familias.

Ao longo desta e a próxima semana iremos ampliando a información sobre as diferentes actividades.